

Bo día a tod@s:

Está é a última semana de cole, e por tanto a última semana que mando tarefas.

O máis importante en todo este tempo foi que os nenos e nenas non perderan un hábito de rutina e traballo, pero ó mesmo tempo que se divertiran facendo as tarefas e pasaran tempo coa familia facéndoos participes do seu aprendizaxe.

Seguro que moitos e moitas de vos descubristes novas habilidades dos vosos fillos e fillas que non sabíades que tiñan.

Pola contra outros comprobárides ata onde pode chegar a vosa paciencia e ó difícil que pode ser traballar con nenos tan pequenos.

Por iso quero agradecervos o voso traballo , as ganas, esforzo e ilusión que puxestes para tratar de dar continuidade ó traballo do cole.

GRAZASSSSSSS.....



## TAREFAS SEMANA 16-19 DE XUÑO

### • MARTES 16 :



Para empezar dunha maneira divertida imos poñerlle pelo aos bonecos tal e como vedes na foto. Primeiro collemos 3 rolos de papel e debuxamos a cara e o número. E despois a peinarrrrrr...

Agora imos facer series con obxectos que teñamos por casa, seguindo o exemplo da fotografía que tedes aquí.



*\*Para cando rematen teñen unhas fichas ao final que son para facer en varios días.*

- **MÉRCORES 17:** Hoxe imos recordar a historia de Letrilandia e o señor Estudioso. A ver quen se lembra dos Xigantes e as montañas onde viven:

<https://www.youtube.com/watch?v=I9QBfNVUsmo>

No seguinte enlace temos uns xogos para seguir practicando coa Familia real de Letrilandia. Lembremos aos nenos que ás veces se visten de gala (maiúsculas) pero cando están no xardín ou traballando poñen outra roupa (minúsculas):

<https://arbolabc.com/juegos-de-vocales>

*\*Para os que queira seguir traballando e xogando deixo ó final unha ficha e un puzzle de vogais.*

- **XOVES 18** : Cantos aprendemos sobre as ABELLAS!!!. Imos recordalos co seguinte vídeo:

[https://www.youtube.com/watch?v=okX\\_E7eVdrE](https://www.youtube.com/watch?v=okX_E7eVdrE)

*\*Para rematar o proxecto temos dúas fichas ó final. Unha é unha adiviñanza e outra é a ficha da portada.*

- **VENRES 19** : Hoxe oficialmente remata o curso. Por iso o que vos proponho para facer ao longo da mañá é que recopilemos todas as fichas, xogos, actividades ...que fostes facendo na casa ao longo deste trimestre e as clasifiques ( lectoescritura, lóxico-matemáticas, proxecto abellas, variado....) unha vez feito isto imos facer a portada. Ao final deste documento tedes dúas opcións para facerla.

Na primeira simplemente tedes que imprimila e eles colorean as letras e poñen o seu nome.

Na segunda opción tedes que seguir os seguintes pasos:

- 1.- Collemos unha cartolina tamaño folio de cor branco e pintamos o mar e o ceo ( se pode ser con pintura mellor).
- 2.- Pegamos un barquiño de papel enriba do mar( podemos aproveitar os que fixemos o día do Medio Ambiente).
- 3.- Facemos un sol amarelo e o pegamos no ceo.
- 4.- O mesmo cunha nube, a facemos nun papel aparte e a pegamos no ceo.
- 5.- Axudamos a escribir os meus traballos e tamén o nome.
- 6.- Engadimos todo o que se nos ocorra.
- 7.- facemos foto do resultado final e enviamos á profe (je,je...)

E ata aquí as miñas propostas para esta última semana. Desexo que o vindeiro curso volvamos "á normalidade" e sigamos traballando xunt@s formando un gran equipo.







Saúdos, licos e...

P.D. : O venres 19 ás 12:30 videoconferencia de despedida. Seguíde as instrucións que vos mandei para a anterior. Se alguén quere ter unha individual connigo que me diga por correo.






MARÍA

# COLOREA SEGUINDO A SERIE









COLOREA DA MISMA COR AS FORMAS QUE SEXAN IGUAIS



NOMBRE

El número 1





FECHA



NOMBRE

El número 2





FECHA






NOMBRE



El número 3

FECHA












RODEA O DEBUXO QUE EMPEZA POLA VOGAL

A




E



I



O




U






## ADIVIÑANZA


**GOTIÑA A GOTIÑA  
O NÉCTAR LIBAMOS,  
POUQUIÑO A POUQUIÑO  
PANAIS FORMAMOS,  
E TODAS XUNTAS  
A VIDA ADOZAMOS.**



AS ABELLAS



A B A B E L L A S







TRABALLIÑOS

NA CASA



